

**Acta núm. 16/2020.**  
**Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 19 de xuño de 2020.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 19 de xuño de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2020, DO 09.06.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) DENEGACIÓN PRÓRROGA DE LICENZA DE DEMOLICIÓN.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2020, DO 09.06.2020.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 09.06.2020, acta núm. 15/2020.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE MANUEL SÁNCHEZ LAMEIRO, na que comunica que vai substituír a cuberta dun alpendre sito en Cornanda nº 11, colocando tella como material de cubrición e sen modificar a tipoloxía nin o volume do alpendre, segundo documentación presentada e asinada pola arquitecta técnica Anuncia Villar Neo en febreiro de 2019.

A parcela na que se sitúa o alpendre (referencia catastral nº 7335403NH1473N0001AA) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1) e sitúase dentro da aldea de Cornanda, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como CE2.

A Xunta de Goberno Local, a vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, (expte. 88/18), asinada o 09/05/2019, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas condicións establecidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 38,65 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 103,22 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESÚS NÚÑEZ MAYO, na que

comunica que vai instalar unha piscina descuberta nunha parcela sita en Nináns nº 24 – Luaña. A parcela (referencia catastral nº 0448703NH2404N0001BS) onde se pretende facer a instalación atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2) e nela hai construída unha vivenda e un alpendre.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A piscina situarase mínimo a 3 m. dos lindeiros e a 5 m. do eixo da vía.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 309,99 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ISABEL TRONCEDA CAMPAÑA, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre, de aproximadamente 120 m<sup>2</sup>, substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma, no lugar de Coruxido - Bastavales.

A parcela na que se van a executar as obras (7502212NH2470S0001DE), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase próxima ao cruceiro de Coruxido, integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM (identificado como XBC-4), e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 78,53 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 143,10 euros.

### **TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jaime Novoa Míguez, que di actuar en representación de MIGUEL TORRES VEREDA, para o funcionamento da actividade dunha nave industrial como almacén de papel, en Buido nº 1- Os Ánxeles, segundo documentación redactada polo arquitecto Jaime Novoa Míguez, de data xaneiro 2020.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal, no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, toma coñecemento da comunicación efectuada e por unanimidade, acorda:

1º) Autorizar, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a apertura da nave dedicada a almacén de papel, en Buido nº 1 – Os Ánxeles.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas de apertura de establecementos: 263,25 euros.

Total: 263,25 euros.

### **CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada JULIO LAMAS PENA e M<sup>a</sup> DE LOS ÁNGELES GARCÍA CASTRO, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de

Vilas nº 33 – Bastavales, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echevarría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20/01/2020 e 01/06/2020 (n.r.e.: 2000220).

A parcela onde se pretenden executar as obras, ref. catastral nº 6622824NH2462S0001YP, está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echevarría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20/01/2020 e 01/06/2020 (n.r.e.: 2000220).

- Como garantía da urbanización dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, conxuntamente co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 139,00 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 11 de xuño de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.463,26 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 201,97 euros.

Total: 2.665,23 euros.

#### **QUINTO.- DENEGACIÓN PRÓRROGA DE LICENZA DE DEMOLICIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada FAUSTINO PEDROSA BARGO, na que solicita prórroga da licenza de demolición parcial dun galpón sito en Guitiande, Os Ánxeles, concedida pola Xunta de Goberno Local do 29.11.2016.

Visto o informe emitido polo asesor xurídico urbanístico do Concello en data 12.06.2020, que transcrito di:

**ASUNTO: SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO PRAZO PARA A EXECUCIÓN DE LICENZA DE DEMOLICIÓN.**

**EXPEDIENTE: 2019/U003/000001**

**INTERESADO: Faustino Pedrosa Bargo.**

En relación coa solicitude de data 22 de outubro de 2019, formulada por don Faustino Pedrosa Bargo, para prorrogar por tres anos o prazo de execución das obras amparadas pola licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 29.11.2016, emítase o seguinte, informe:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

1.- En sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Brión celebrada en data 29.11.2016, acórdase conceder licenza a favor de don Faustino Pedrosa Bargo para a demolición parcial dun galpón sito no lugar de Guitiande, Os Ánxeles, con arranxo ao proxecto de derribo redactado polo arquitecto técnico, don Javier Suárez del Río.

2.- En data 22 de outubro de 2019, don Faustino Pedrosa Bargo, presenta escrito no rexistro do Concello no que solicita unha prórroga por tres anos para executar as obras amparadas pola licenza outorgada en data 29.11.2016.

#### **NORMATIVA APLICABLE:**

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

PXOM de Brión.

#### **INFORME:**

Os arts. 145 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, que aproba o seu Regulamento, establecen que as licenzas se outorgan por prazo determinado, que se refire tanto ao prazo para o comezo das obras, como ao prazo para a súa completa execución, de tal xeito que, para o inicio das obras se establece un prazo que non poderá exceder dos seis meses e para o remate das mesmas se establece un prazo máximo de tres anos a contar dende a data de outorgamento da licenza, sen prexuízo dos prazos sinalados no acto de outorgamento da licenza.

Na licenza outorgada pola Xunta Goberno Local en data 29.11.2016, coincidindo co sinalado na Lei do Solo de Galicia, concédese un prazo máximo de 6 meses para o inicio das obras, e un prazo máximo de execución para o remate das mesmas de tres anos. Polo que, no presente caso, as obras de demolición deberían estar executadas no prazo de tres anos dende a data da notificación da licenza de demolición ao interesado.

3. Por outra banda, os artigos 145.2 da Lei do Solo e 359.3 do Decreto 143/2016, establecen que os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.

Agora ben, malia que como se acaba de sinalar, a lexislación urbanística contempla a posibilidade de prorrogar os prazos outorgados para a execución dos actos amparados polas licenzas, dita posibilidade non deixa de ser unha mera opción para as entidades locais

quedando ao seu arbitrio a súa concesión ou non. Tendo en conta isto, e centrándonos no caso que nos ocupa, o interesado non xustifica nin sequera minimamente os motivos polos que solicita a devandita prórroga nin, por outra banda, a posible ou posibles causas que puideron impedir a execución das obras. En consecuencia, compre desestimar a solicitude para prorrogar o prazo de execución das obras de derribo amparadas pola licenza de 29.11.2016, e isto por non terse xustificando os motivos polos que se solicita a devandita prórroga, motivos, que se entenden que son determinantes para a súa concesión, xa que se trata de cuestións que afectan a actos que teñen natureza reglada, como son as licenzas, evitándose deste xeito, calquera actuación discrecional na tramitación deste tipo de solicitudes.

Por outra banda, debe terse en conta que a licenza para a que se solicita a prórroga concedía un prazo de tres anos para a completa execución das obras. Prazo que, dada a natureza das obras (derribo parcial dun galpón) se entende que é máis que suficiente para poder telas executado o que, ven a xustificar a denegación da prórroga solicitada. Ademais, debe advertirse ao interesado de que, no caso de non proceder á execución das devanditas obras no prazo concedido pola licenza, procederase á súa declaración de caducidade conforme co sinalado nos artigos 145 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, infórmase desfavorablemente a solicitude da prórroga para a ampliación, por tres anos, do prazo de execución da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria celebrada en data 29.11.2016, para a demolición parcial do galpón sito no lugar de Guitiande, Os Ánxeles, interesada por don Faustino Pedrosa Bargo, advertindo ao interesado de que, de non proceder a executar as obras nos prazos establecidos na devandita licenza, procederase á declaración da caducidade da licenza conforme co sinalado no artigo 145.4 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable do asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Denegar a prórroga da licenza de demolición parcial solicitada polo interesado, consonte co informe xurídico transcrito, advertindo ao interesado de que, de non proceder a executar as obras nos prazos establecidos na devandita licenza, procederase á declaración da caducidade da licenza conforme co sinalado no artigo 145.4 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González